

**BASES PARA A SELECCIÓN DE ALUMNAS E ALUMNOS
TRABALLADORAS/ES E PERSOAL DO OBRADOIRO DE EMPREGO
“XALLAS-BARCALA-DUBRA III”**

O obradoiro de emprego "XALLAS-BARCALA-DUBRA III" é un programa mixto de formación e emprego, subvencionado pola Consellería de Traballo e Benestar, e promovido polo Concello da Baña, en convenio cos Concellos de Santa Comba, Negreira e Val do Dubra.

As especialidades a impartir son as seguintes:

- Actividades auxiliares en viveiros, xardins e centros de xardinería (AGAO0108)
- Atención sociosanitaria a persoas no domicilio (SSCS0208)

As actuacións a realizar son as seguintes:

- *Especialidade de Atención Sociosanitaria a persoas no domicilio.* Prestación de servizos persoalizados de axuda a domicilio de carácter cotiá coas persoas dependentes: análise das necesidades de atención hixiénico-sanitaria, de administración de alimentos, de rehabilitación e mantemento psicosocial, de melloras de capacidades físicas e primeiros auxilios, etc., nos servizos de axuda no fogar dos catro concellos participantes.

-*Especialidade de Actividades auxiliares en viveiros, xardins e centros de xardinería.*

Levaranse a cabo as seguintes actuacións por concello:

CONCELLO	SERVIZOS OU OBRAS A REALIZAR
A BAÑA	- Vivenda comunitaria, áreas recreativas de Chans, Fiopáns e Lafias
NEGREIRA	- Áreas recreativas de Cobas e de Vilaserío
SANTA COMBA	- Xardín da praza da feira de Santa Comba.
VAL DO DUBRA	- Limpeza e mantemento da área recreativa de Bembibre e mantemento do monumento do Emigrante,

O obradoiro terá unha duración de 6 meses e formará a 19 alumnos/as traballadores/as, (10 na especialidade de *actividades auxiliares en viveiros, xardins e centros de xardinería*; 9 na especialidade de *atención sociosanitaria no domicilio*). Os/As traballadores/as serán contratados/as baixo a modalidade de contrato para a formación e percibirán as retribucións que lles correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.

Contratarase ao seguinte persoal para o obradoiro de emprego:

- 1 director/a
- 1 mestre/a de *actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería*
- 1 mestre/a de *atención sociosanitaria no domicilio*, rama sanitaria
- 1 mestre/a de *atención sociosanitaria no domicilio*, rama psicosocial
- 1 titor/a
- 1 auxiliar administrativo/a.

En vista da normativa exposta proponse un sistema de selección que se fundamenta nos seguintes procedementos:

Grupo de traballo:

O grupo de traballo ou comisión de selección estará formado por catro persoas, dous representantes da Consellería de Traballo e Benestar (un deles ostentará a presidencia) e dous representantes da entidade promotora. Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do obradoiro poderá formar parte do grupo de traballo nin auxiliar ao mesmo nas tarefas de selección.

O grupo de traballo considerarase validamente constituído coa participación nas sesións de traballo de, polo menos, tres dos seus componentes.

As decisións do grupo de traballo tomaranse por unanimidade ou pola mayoría simple dos membros presentes. A persoa designada como presidente, coa finalidade de dirimir os posibles empates nas votacións, disporá de voto de calidade.

O Xefe Territorial poderá nomear a quen estime oportuno para, en caso de necesidade, substituir a calquera dos membros citados.

O representante dos Concellos da Baña, Negreira, Santa Comba e Val do Dubra poderán nomear a quen estimen oportuno para, en caso de necesidade, substituir a calquera dos membros citados.

O presente proxecto terá como data prevista para o seu inicio o 1 de setembro de 2015 e como data límite para ser posto en funcionamento o 30 de setembro de 2015.

Alumnos/as-traballadores/as :

Sistema de selección: Oferta de actividade.

Dacordo co establecido no artigo 10 da Orde do 21 de xaneiro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015, e na Instrucción número 6/2015 do 30 de xullo de 2015 da Dirección Xeral de Emprego e Formación, que regula as instrucións mediante a que se establecen as pautas de actuación a seguir na selección do persoal de dirección, docente e administrativo e dos/as alumnos/as-traballadores/as do programa mixto de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia que figuran Anexo II e nas presentes bases.

Localidade: ámbito dos Concellos da Baña, Santa Comba, Negreira e Val do Dubra, no caso

de non atoparse candidatos suficientes, a sondaxe ampliariase ao resto dos concellos límitrofes, dando prioridade aos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego, escolas obradoiro ou casas de oficios.

Idade: de 18 a 29 anos.

Situación Laboral: persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema de Nacional de Garantía Xuvenil, sempre que poidan subscribir contrato de formación e aprendizaxe durante toda a duración do obradoiro.

Criterios preferentes de selección: O grupo de traballo mixto deberá aplicar os criterios preferentes de selección que figuran no artigo 10º da Orde do 21 de xaneiro de 2015, (DOG nº 17 de 27 de xaneiro de 2015), segundo baremo establecido no anexo I, priorizando aquelas persoas mozas que non recibirán previamente atención por parte do Sistema e aquelas que estean más próximas a cumplir a idade máxima prevista no Sistema, todos eles recollidos no artigo 105.3 da Lei 18/2014, do 15 de outubro.

O grupo de traballo mixto excluirá do proceso selectivo as persoas candidatas que superaran outro proxecto formativo de iguais características e as persoas candidatas que tiveran experiencia laboral no campo que abrangue ás diáis especialidades.

O número máximo de candidatos/as a preseleccionar será determinado polo grupo de traballo, e o mínimo será, se é posible, de 38 (2 por praza). Tratándose dun obradoiro de emprego promovido por convenio entre varias entidades locales, a selección dos alumnos/as traballadores/as de entre os/as candidatos/as que cumpran todos los requisitos establecidos na orde de aplicación, realizarase a proposta do órgano promotor do proxecto e por acordo unánime de todos los concellos participantes no obradoiro de emprego. Neste caso a distribución da participación do alumnado por concello realizarase segundo o cadro adxunto, sempre e cando sexa posible:

CONCELLO	Nº ALUMNOS/AS TRABALLADORES/AS QUE CORRESPONDEN
ABAÑA	4
NEGREIRA	5
SANTA COMBA	5
VAL DO DUBRA	5
TOTAL	19

A selección definitiva dos/as 19 alumnos/as e a súa distribución por especialidades será efectuada en base aos resultados obtidos nunha entrevista persoal, na data que fixe o grupo de

traballo, na que os/as candidatos/as manifestarán o seu desexo de renuncia ou as súas preferencias polas distintas especialidades do obradoiro.

O grupo de traballo poderá optar por substituir a entrevista persoal por un procedemento de selección consistente numha reunión na que serán citados/as tódolos candidatos/as preseleccionados/as, para seren sometidos/as a un cuestionario previamente aprobado polo grupo de traballo.

O grupo de traballo, tendo en conta os criterios de preferencia establecidos no artigo 11º da orde antes citada e o interese dos/as candidatos/as en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, efectuará a selección definitiva, redactará as correspondentes actas e remitiraas ao departamento territorial (sección de escolas obradoiro), acompañada da relación de admitidos/as e excluídos/as indicando, neste último caso, a causa da súa exclusión.

Dirección e Persoal:

Neste caso o procedemento utilizado consistirá na oferta de emprego, na que se adecuará o perfil dos/as candidatos/as aos baremos que se achegan nas páxinas seguintes. Estes/as candidatos/as forzosamente deberán estar inscritos/as na oficina de emprego xa sexa como desempregados/as ou como demandantes en mellora de emprego.

A entidade promotora tramitará a correspondente oferta xenérica na oficina de emprego de Santiago Norte. O grupo de traballo determinará o número máximo de candidatos/as a preseleccionar para cada praza, número que como mínimo será, se é posible, de 3.

No caso de atopar máis candidatos/as que o mínimo establecido, o grupo de traballo establecerá os criterios a seguir para determinar o número de candidatos/as a preseleccionar.

O ámbito da sondaxe será os Concellos da Bafia, Santa Comba, Negreira e Val do Dubra, ampliándose, no caso de non obterse un número de candidatos suficiente, aos dos concellos límitrofes, ao da oficina de emprego de Santiago Norte e logo ao de toda a provincia.

Rematado o proceso de selección, se o grupo de traballo determinara que queda deserta algunha das prazas ofertadas, abriríase un novo proceso para cubrir as vacantes existentes, podendo o grupo de traballo modificar o requisito mínimo de experiencia profesional reducíndoo en tramos de 6 meses sucesivamente e seguindo a mesma pauta que a descrita anteriormente en canto ao ámbito de busca, ou ben optar polo procedemento de concurso.

A oficina de emprego comunicará aos/as candidatos/as preseleccionados/as a forma, lugar e prazo de presentación da documentación acreditativa dos seus méritos.

O grupo de traballo valorará os currículum conforme aos baremos e redactará a correspondente acta. A relación provisional das puntuacións outorgadas na primeira fase do proceso selectivo será exposta nos taboleiros da oficina de emprego de Santiago Norte e da entidade promotora, así coma na páxina web desta, debendo figurar o prazo para presentar reclamacións.

O grupo de traballo citará aos/as candidatos/as admitidos/as para unha entrevista de selección na que se valorará a adecuación dos/as candidatos/as aos postos de traballo ofertados.

Estas entrevistas terán lugar nas datas e no local que fixe o grupo de traballo. O grupo de traballo levará a cabo as entrevistas, valoraraas e redactará as correspondentes actas que se remitirán á respectiva xefatura territorial, e outro exemplar para a entidade promotora para o seu cumprimento.

Xustificación do currículum:

Os/As candidatos/as citados/as para a entrevista deberán acudir á mesma provistos/as do seu currículum vitae. Deberán traer consigo os documentos que acrediten o seguinte:

- A titulación académica
- A experiencia profesional
- Os cursos realizados, que se xustificarán cos correspondentes diplomas.

A experiencia profesional deberá xustificarse:

* *Traballo por conta allea*: Contratos de traballo, vida laboral expedida pola Seguridade Social sempre que poida acreditarse a categoría profesional desempeñada, calquera outro documento fidedigno que acredite dita experiencia profesional.

* *Traballadores autónomos*: Alta no imposto de actividades económicas xunto co último recibo ou documento que lle exima da devandita obriga.

* *Traballo no extranxeiro*: Certificación oficial na que conste a profesión desempeñada e os períodos traballados.

As persoas candidatas preseleccionadas que non cumpran os requisitos de titulación e experiencia profesional, quedarán excluídas do proceso selectivo, polo que o seu currículum non será obxecto de baremación, nin terá lugar a entrevista.

Publicacións e/ou notificacións:

O grupo mixto de traballo acordará a publicación dos resultados, e tamén a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses dos candidatos dacordo sempre co dispuesto na Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e demais normativa aplicable.

A Baña, 14 de agosto de 2015

Pola Consellería de Traballo e Benestar:




María José Díez Casado
Técnica Orientadora del S.N.G.X.
O. E. Santiago-Norte




Manuel Moledo Carballo
Técnico O.E. Santiago-Norte

Pola entidade promotora:



Maria Dolores Landeira Liñares
Axente de emprego e desenvolvemento local
do Concello da Baña



María Cristina Pereira Ulla
Técnica de formación do Concello
de Santa Comba

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUNHA DIRECTOR/A

FUNCIONES:

A persoa seleccionada encargarase da coordinación xeral do obradoiro de emprego, tanto dos recursos humanos coma dos económicos, así como das relacións co exterior: Consellería de Traballo e Benestar, entidade promotora, empresarios. Tamén impartirá a formación en materia de xestión empresarial e o módulo de iniciación á informática. Así mesmo, levará a cabo funcións tales como visitas a empresas para captación de ofertas de emprego, intermediación laboral, acompañamiento na inserción laboral dende o inicio do obradoiro, asesoramento legal nas relacións laborais, busca de oportunidades de emprego e módulo de sensibilización ambiental.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Titulación universitaria: Indicarase na oferta de emprego a máis axeitada ao obradoiro, e a experiencia profesional mínima necesaria se fora o caso.

VALORACIÓN DO CURRICULUM:

Titulación académica:

- Titulación universitaria ou equivalente relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro: licenciatura ou grao, 1.5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Máster universitario relacionado, ata 500 horas: 0.75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto
- Doutoramento, relacionado: 1.25 puntos
- Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.30 puntos.
- Título de técnico/a da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.15 puntos

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos. A titulación mínima esixida únicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións valorables teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

Experiencia profesional en postos de traballo que supofian a dirección de equipos humanos fora do ámbito da formación ocupacional, por un período superior a seis meses, 3 puntos
Se a experiencia en dirección de equipos humanos foi adquirida no ámbito da formación profesional ocupacional, escolas obradoiro, obradoiros de emprego ou casas de oficios, valorarase con 3 puntos.
A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de 6 puntos.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 ata 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios ou congresos non será obxecto de puntuación.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de 2 puntos.

Coñecementos do idioma galego:

Curso de iniciación, celga 1 ou 2: 0,5 puntos

Curso de perfeccionamento, celga 3 ou 4: 0,75 puntos

Curso de especialización ou celga 5: 1 punto

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata 1 punto.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Antigüidade como desempregado:

Valoraranse cada 6 meses, mediante certificado de vida laboral, con 0,50 puntos.

A puntuación máxima que se poderá acadar por este apartado é de 2 puntos.

Entrevista:

Na que se valorará a capacidade de comunicación e interacción, traballo en equipo e responsabilidade. Puntuarase ata un máximo de 7 puntos.

Puntuación final:

O/A candidato/a seleccionado/a será o/a que obtenga a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículum persoal e a entrevista. No caso de empate será de aplicación a instrución décimo-sexta da circular 6/2000 do Director Xeral de Fomento do Emprego modificada pola circular 2/2002.

BAREMO PARA A SELECCIÓN DE MESTRES/AS DE OBRADOIRO

FUNCIONES:

Os/As candidatos/as seleccionados/as encargaránse de impartir a educación correspondente aos seus oficios e de actuar como mestres/as das súas especialidades nas obras ou actuacións que se levan a cabo como práctica profesional dos/as alumnos/as traballadores/as.

- 1 mestre/a de *actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería.*
- 1 mestre/a de *atención sociosanitaria no domicilio, rama sanitaria.*
- 1 mestre/a de *atención sociosanitaria no domicilio, rama psicosocial.*

REQUISITOS MÍNIMOS:

Nivel académico: Titulación, ou no seu defecto capacitación equivalente á ocupación relacionada coa especialidade a impartir, segundo o RD 1375/2008, do 1 de agosto e o RD 1379/2008 do 1 de agosto, modificado polo RD 721/2011, do 20 de maio

Indicarase na oferta de emprego a que corresponda a experiencia mínima necesaria se fora o caso para cada un dos postos a cubrir.

VALORACIÓN DO CURRICULUM:

Titulación académica:

Titulación universitaria ou equivalente relacionada coa que se oferte a máis axeitada á escola ou obradoiro:

- Licenciatura ou grao, 1.5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Máster universitario relacionado, ata 500 horas: 0.75 puntos, máis de 500 horas: 1 punto
- Doutoramento, relacionado: 1.25 puntos
- Título de técnico superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.30 puntos.
- Título de técnico da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.15 puntos

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos. A titulación mínima esixida únicamente se terá en consideración para determinar a admisión do aspirante. As titulaciones valorables teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional por cada un deles con 2 puntos.

Experiencia profesional en postos de trabalho similares adquirida fora do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional puntuarase con 2 puntos.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de 6 puntos.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 ata 99 horas lectivas: 0,10 por curso
 - Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,20 puntos por curso
 - Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.
 - A asistencia a xornadas, simposios ou congresos non será obxecto de puntuación.
- A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de 1 punto.

Cursos de formación:

- Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos
- Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos
- Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto
- Curso de *C.A.P. ou equivalente (máster en secundaria)*: 1 punto
- Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)*: 1 punto

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de 1 punto.

Coñecementos do idioma galego:

Curso de iniciación, celga 1 ou 2: 0,50 puntos

Curso de perfeccionamento, celga 3 ou 4: 0,75 puntos

Curso de especialización ou celga 5: 1 punto.

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata 1 punto.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só terase en consideración o grao superior.

Antigüidade como desempregado/a:

Valorarase cada 6 meses, mediante certificado de vida laboral, con 0,50 puntos.

A puntuación máxima que se poderá acadar por este apartado é de 2 puntos.

Entrevista:

Na que se valorará a capacidade de comunicación e interacción con persoas mozas, traballo en equipo e responsabilidade. Puntuarase ata un máximo de 7 puntos.

Puntuación final:

O/A candidato/a seleccionado/a será o/a que obteña a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículum persoal e a entrevista. No caso de empate será de aplicación a instrución décimo-sexta da circular 6/2000 do Director Xeral de Fomento do Emprego, modificada pola circular 2/2002.

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HAI TITOR/A

FUNCIONES:

A persoa seleccionada encargarase dos labores de titoría do alumnado e coordinará todas as accións formativas do obradoiro apoando aos/as mestres/as de obradoiro na elaboración da programación de formación ocupacional. Encargarase tamén do ensino básico e da formación en materia de competencias clave. Realizará tarefas de información, orientación e inserción laboral, adestramento en habilidades para a busca de emprego, definicións de perfis profesionais e realizará a difusión e estímulo de potenciais oportunidades de creación de actividades entre os/as alumnos/as traballadores/as, e impartirá o módulo de igualdade de xénero.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Nivel académico: Titulación universitaria, ou as titulacións en grao correspondentes (indicarase a titulación requirida na oferta, tendo en conta a tipoloxía do obradoiro, e a experiencia profesional mínima necesaria se fora o caso)

VALORACIÓN DO CURRICULUM:

Titulación académica:

Titulación universitaria ou equivalente relacionada coa que se oferte a máis axeitada á escola ou obradoiro:

- Licenciatura ou grao, 1.5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Máster universitario relacionado, ata 500 horas: 0.75 puntos, máis de 500 horas: 1 punto
- Doutoramento, relacionado: 1.25 puntos
- Título de técnico superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.30 puntos.
- Título de técnico da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.15 puntos

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos. A titulación mínima esixida únicamente se terá en consideración para determinar a admisión do aspirante. As titulacións valorables teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional por cada un deles con 2 puntos.
Experiencia profesional en postos de traballo similares adquirida fora do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional puntuarase con 2 puntos.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de 6 puntos.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 ata 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,20 puntos por curso
- Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

- A asistencia a xornadas, simposios ou congresos non será obxecto de puntuación.
A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de 1 punto.

Cursos de formación:

- Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos
- Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos
- Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto
- Curso de *C.A.P, ou equivalente (máster en secundaria)*: 1 punto
- Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)*: 1 punto

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de 1 punto.

Coñecementos do idioma galego:

Curso de iniciación, celga 1 ou 2: 0,5 puntos

Curso de perfeccionamento, celga 3 ou 4: 0,75 puntos

Curso de especialización ou celga 5: 1 punto

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata 1 punto.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Políticas Lingüísticas dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Antigüidade como desempregado/a :

Valorarase cada 6 meses, mediante certificado de vida laboral, con 0,50 puntos.

A puntuación máxima que se poderá acadar por este apartado é de 2 puntos

Entrevista:

Na que se valorará a capacidade de comunicación e interacción con persoas mozos/as, traballo en equipo e responsabilidade. Puntuarase ata un máximo de 7 puntos.

Puntuación final:

O/A candidato/a seleccionado/a será o/a que obteña a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículum persoal e a entrevista. No caso de empate será de aplicación a instrución décimo-sexta da circular 6/2000 do Director Xeral de Fomento do Emprego modificada pola circular 2/2002.

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN /HA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A

FUNCIONES:

O/A candidato/a seleccionado/a encargarase das tarefas administrativas do obradoiro, colaborando co director/a en todo canto lle sexa encomendado dentro do ámbito das súas competencias, en particular:

- Levar a contabilidade, arquivo de documentación.
- Realizar xestións telefónicas e supervisar a recepción de chamadas e a notificación das mesmas ás persoas interesadas.
- Actualizar e controlar o material de oficina e de docencia, así como a realización de inventarios.
- Asistir ás reunións, elaborando as actas e encargándose da documentación que se derive destas.
- Organizar o traballo de documentación e fotocopiado
- Supervisar a entrada e saída de correspondencia e documentación, a súa distribución e redacción.
- Cubrir os formularios e demás documentación a solicitude da Xefatura Territorial e da entidade promotora

REQUISITOS MÍNIMOS:

Titulación de técnico/a en xestión administrativa, ou similar. Indicarase na oferta de emprego a titulación máis axeitada ao obradoiro e a experiencia profesional mínima se fora o caso.

VALORACIÓN DO CURRICULUM:

Titulación académica:

Título de técnico/a de outra rama relacionada ou o seu equivalente: 0,50 punto

Título de técnico/a superior da rama administrativa ou relacionada, ou o seu equivalente: 1 punto.

Título de bacharelato: 1,5 puntos

Titulación universitaria: (licenciatura, grao ou diplomatura): 2 puntos

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos. A titulación mínima esixida únicamente se terá en consideración para determinar a admisión do aspirante. As titulacións valorables teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos nas escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional por cada un deles con 2 puntos.

Experiencia profesional en postos de traballo similares, adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional puntuarse con 2 puntos.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de 6 puntos.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 ata 99 horas lectivas: 0,10 por curso

- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso
 - Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.
 - A asistencia a xornadas, simposios ou congresos non será obxecto de puntuación.
- A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de 2 puntos.

Coñecementos do idioma galego:

Curso de iniciación, celga 1 ou 2: 0,5 puntos

Curso de perfeccionamento, celga 3 ou 4: 0,75 puntos

Curso de especialización ou celga 5: 1 punto

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata 1 punto.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Antigüidade como desempregado/a:

Valorarase cada 6 meses, con 0,50 puntos.

A puntuación máxima que se poderá acadar por este apartado é de 2 puntos

Entrevista:

Na que se valorará a capacidade de comunicación e interacción con persoas mozos/a, traballo en equipo e responsabilidade. Puntuarase ata un máximo de 7 puntos.

Puntuación final:

O/A candidato/a seleccionado/a será o/a que obtén a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículum persoal e a entrevista. No caso de empate será de aplicación a instrución décimo-sexta da circular 6/2000 do Director Xeral de Fomento do Emprego modificada pola circular 2/2002.

ANEXO I

BAREMO SELECCIÓN ALUMNADO DO OBRADOIRO DE EMPREGO DIRIXIDO A MELLORAR A EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENTIL

A) Adecuación do candidato/a ao posto: Enquisa/proba obxectiva (Máx. 7 ptos.).

B) Criterios preferentes de aplicación (Máx. 20 ptos.).

CRITERIOS	PUNTOS
Ter planificado no seu Itinerario Profesional de Inserción a súa participación nestes programas	6
Pessoas beneficiarias que non recibiran previamente atención polo sistema	4
Discapacidade ≥ 33%	1
Idade	0,5
De 18 ata 20 anos	0,5
De 20 ata 22 anos	1
De 22 ata 24 anos	2
De 24 ata < 30 anos	3
Experiencia laboral	3
Ningunha	3
Ata 12 meses	2
≥ 12 meses	1
Nivel de cualificación profesional	3
Baxa (que non posuan un carnet profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou 3, título de FP ou titulación universitaria)	3
Media (que posuan un carnet profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou FP ciclo medio)	1,5
Alta (que posuan certificado de profesionalidade de nivel 3, título de FP de ciclo superior ou titulación universitaria)	0,5



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Emprego e Formación

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
Iniciativa de Emprego Xuvenil
O FSE invita no teu futuro



SG
SERVIZIO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA

ANEXO II

INSTRUCCIÓN Nº: 6/2015 DATA: 30/07/2015

ÓRGANO EMISOR:

-DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO E FORMACIÓN

DESTINATARIOS:

- Oficinas de Emprego
- Servizos de Emprego e Formación dos Departamentos Territoriais
- Subdirección xeral de Emprego.

ASUNTO: Instruccións mediante as que se establecen as pautas de actuación a seguir na selección do persoal de dirección, docente e administrativo e dos alumnos-traballadores do programa mixto de emprego e formación da comunidade autónoma de galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do sistema nacional de garantía xuvenil.

No uso das facultades que ten atribuídas esta directora xeral, pola disposición derradeira primeira, da orde do 21 de xaneiro de 2015, que establece as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do sistema nacional de garantía xuvenil, ditanse as seguintes,

INSTRUCCIONES

Sección I

NORMAS XERAIS

Primeira.- Ámbito de aplicación.


1. Estas instruccións serán de aplicación a todos os procedementos de selección do alumnado traballador e persoal de dirección, docente e administrativo dos obradoiros de emprego dirixidos ás persoas mozas incluídas no ficheiro do sistema nacional de garantía xuvenil segundo o previsto na orde do 21 de xaneiro de 2015, reguladora de dito programa formativo.

2. Publicada a Lei 25/2015, do 28 de xullo, de mecanismo de segunda oportunidade, redución da carga financeira e outras medidas de orde social no BOE nº 180, de 29/07/2015, e á vista do dispuesto na súa disposición adicional duodécima, de modificación da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urgentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, nos procedementos de selección do alumnado traballador dos obradoiros de emprego dirixidos ás persoas mozas incluídas no ficheiro do sistema nacional de garantía xuvenil que se desenvolvan desde a súa data da entrada en vigor (30 de xullo), teranse en conta aos mozos maiores de 25 anos e menores de 30, que cumpran cos requisitos recollidos na citada Lei para beneficiarse dunha acción derivada do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Emprego e Formación

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
Iniciativa de Emprego Xuvenil
O FSE inviste no teu futuro



FEDE
COMBÓDIGO
DE EMPREGO
DE GALICIA

Segunda.- Constitución e composición do grupo de traballo mixto.

1.- De conformidade co previsto no capítulo III da antedita orde, a selección dos alumnos e alumnas e do persoal de dirección, docente e administrativo, será realizada por un grupo de traballo mixto, polo que, como primeiras actuacións orientadas á dita selección, deberá procederse á designación dos seus integrantes, segundo o disposto nesta Instrucción.

2.- O grupo de traballo estará composto como máximo por catro membros: dous, en representación da Consellería de Traballo e Benestar, designados polo respectivo xefe/a territorial; e dous en representación da entidade promotora, designados por esta. Todos eles terán voz e voto.

3.- A presidencia do grupo de traballo mixto recaerá nunha das persoas representantes da consellería que para o efecto sexa designada pola persoa titular da respectiva xefatura territorial.

A persoa designada como presidente, coa finalidade de dirimir os posibles empates nas votacións, disporá de voto de calidade.

4.- Designados os representantes, procederase á constitución formal de dito grupo mediante a celebración da correspondente sesión e na que tamén terán lugar as actuacións que máis adiante se detallan.


Terceira.- Principios de actuación.

1.- As actuacións do grupo de traballo estarán presididas polos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación; e vinculadas ao cumprimento dos requisitos mínimos e ao seguimento dos criterios de preferencia na selección establecidos pola antedita orde, nestas Instrucións e na normativa reguladora do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

2.- En todo caso, os seus membros deberán abstenerse de participar e poderán ser recusados cando concorra algunha das causas previstas no artigo 28º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cuarta.- Aprobación das bases reguladoras do proceso de selección polo grupo de traballo mixto.

1.- Na sesión constitutiva, o grupo de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 11 da antedita orde e na 2ª destas instrucións, atendendo ás características do proxecto formativo que se vai poñer en funcionamento e logo das actuacións que estime oportunas, establecerá o sistema, requisitos, baremos e, se é o caso, probas



que se aplicarán tanto na selección do persoal de dirección, docente e administrativo como na dos alumnos-traballadores, mediante a aprobación das correspondentes bases reguladoras do proceso selectivo, nas que deberán respectarse os requisitos e criterios de selección establecidos pola referida orde, nestas instrucións e na normativa reguladora do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

2.- As bases serán asinadas por todos los asistentes á sesión na que se aproben e expoñeranse nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego correspondente e da entidade promotora, así como na páxina web desta.

Quinta.- Actas das sesións do grupo de traballo.

1.- De cada sesión que celebre o grupo de traballo estenderase a correspondente acta, por duplicado exemplar, na que constará:

- Lugar, data e hora na que se inicia á sesión.
- Relación nominal dos asistentes.
- O obxecto da sesión.
- O contido dos acordos adoptados e o sentido do voto de cada asistente.
- Aquellos outras circunstancias que se estimen oportunas.

2.- As actas poderán aprobarse na mesma sesión ou nunha posterior e os seus exemplares deberán ser asinados por todos os asistentes.

3.- De conformidade co previsto nos artigos 10 e 11, da citada orde do 21 de xaneiro de 2015, un dos exemplares quedará en poder da respectiva xefatura territorial e outro no da entidade promotora para o seu cumprimento.


SECCIÓN II

Selección de alumnos-traballadores

Sexta.- Selección dos alumnos-traballadores.

1.- Os mozos/as inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil identifícanse no sistema informático do SPEG así como en SiSPE a través da condición especial 03 de persoa física e do colectivo especial 41 na demanda de emprego daqueles participantes que disponían dela.

2. Na selección das alumnas e alumnos traballadores utilizarase sempre oferta de emprego, debendo seguir o grupo de traballo o procedemento e cumplir os requisitos e criterios de preferencia de selección establecidos no artigo 10 da citada orde do 21 de xaneiro de 2015, nesta instrución e nas bases previamente aprobadas, de



conformidade co disposto na instrución cuarta.


Non obstante, cando no ámbito territorial do proxecto formativo existan mozos ou mozas inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, identificables pola condición especial de persoa física 03 que non disponían de demanda no SPEG, a oficina de emprego, a través do técnico de orientación laboral do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, remitirá ao grupo mixto de selección, para que sexan tidos en conta no proceso de selección, ademais dos candidatos sondeados na oferta, a relación daquelas persoas inscritas que cumpran os requisitos e criterios de preferencia de selección establecidos no artigo 10 da citada orde do 21 de xaneiro de 2015 e nesta instrución.

2.- A oferta de emprego será elaborada polo grupo de traballo seguindo o modelo normalizado e, despois de asinada por quien ostente a súa presidencia ou por quien determine o propio grupo, será remitida á oficina de emprego que corresponda por razón do concello ou concellos nos que estarán localizadas as actuacións previstas no proxecto formativo.

3.- Na dita oferta, na que se sondeara exclusivamente a mozos e mozas inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil que disponían de demanda de emprego en disposición de intermediar, farase constar:

- a) A data na que deberá ser cursada.
- b) A data a partir da que será realizada a sondaxe.
- c) O ámbito territorial ao que se vai circunscribir a sondaxe, figurando primeiramente o do concello ou concellos nos que se localizarán as actuacións do proxecto formativo e aquel ou aqueles aos que será ampliado de non atoparse un número mínimo de alumnos, tendo en conta a proximidade xeográfica.
- d) Os C.N.O. e os códigos correspondentes ás especialidades formativas e os niveis profesionais e académicos.
- e) As posibles causas de exclusión do procedemento de selección. En todo caso, en aplicación dos artigos 2.1 e 2.2 da orde de convocatoria, serán excluídos os mozos e mozas que non reúnan os requisitos esixibles para poder celebrar un contrato para a formación, en aplicación da normativa reguladora de dita modalidade contractual.
- f) O número dos candidatos a remitir, na medida do posible, será como mínimo de dous candidatos por posto.
- g) Aquelas outras circunstancias que cada grupo de traballo estime oportunas para o mellor desenvolvemento da sondaxe á vista das peculiaridades do proxecto formativo.

4- Aos efectos de realizar a/as sondaxe/s, será preciso emplegar a oferta específica de Obradoiro de Emprego cambiando a configuración que esta ten por defecto. Para iso, unha vez rexistrada a oferta e antes de facer ningunha xestión con ela, haberá que ir ao menú de Intermediación/Mantenementos/Típos de ordenación e priorización/oferta,



introducir o número da oferta rexistrada e eliminar, na pestana de "tipos de ordeación", a activación por colectivos quitando a orde de activación (2) e o check da activación. Así mesmo, na pestana "priorización de colectivos", eliminarse o check de "Activación da priorización de colectivos".

5.- Realizada a sondaxe, a oficina de emprego comunicará aos candidatos a forma, lugar e prazo de presentación da documentación acreditativa dos seus méritos e, no seu caso, o lugar, día e hora na que deberán comparecer para a celebración das probas previstas nas correspondentes bases reguladoras.

6.- Criterios para realizar a sondaxe. De acordo co previsto no artigo 105.3 da Lei 18/2014, de 15 de outubro, De aprobación de medidas urgentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia e no artigo 10 da orde de convocatoria, a realización da sondaxe para a preselección dos posibles beneficiarios levarase a cabo atendendo ao seguinte orde de prelación:

- a) Terán prioridade os mozos e mozas beneficiarias en cuxo Itinerario Profesional de Inserción teñan planificado a súa participación neste tipo de programas e reúnan os requisitos esixidos no artigo 2 da orde de convocatoria, agás o de idade tal e como se recolle no parágrafo segundo da instrucción primeira..
- b) Seguidamente se priorizarán ás persoas beneficiarias que non recibiran previamente atención por parte do sistema.
- c) Aquelas que estean más próximas a cumplir a idade máxima prevista no sistema.
- d) As que teñan menos experiencia laboral previa.
- e) As que posúen menor nivel de cualificación profesional.

Ditos colectivos prioritarios non se poderán extraer de xeito automático polos sistemas de busca e sondaxe polo que deberán comprobarse de xeito manual polos xestores unha vez feita a busca de demandantes solicitantes do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

Séptima.- Baremo e probas selectivas dos alumnos-traballadores.


1.- Ademais das actuacións previstas na anterior instrución cada grupo de traballo poderá establecer nas bases un baremo obxectivo por medio do que serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais dos candidatos a remitir pola oficina de emprego. Cando o número de candidatos obtidos da oferta non sexa superior ao número de prazas previstas non será necesaria a realización desta fase.

2.- As referidas actividades selectivas poderán complementarse coa celebración dunha entrevista persoal, a cada un dos beneficiarios enviados pola oficina de emprego, ou na resposta a un cuestionario, co obxectivo de avaliar o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo de que se trate.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BIENESTAR
Dirección Xeral de Emprego e Formación

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
Iniciativa de Emprego Xuvenil
O FSE trae o teu futuro



SENADO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA

3.- De realizarse ambas valoracións, a puntuación correspondente ao baremo deberá ser equivalente, como mínimo, ao 75% da puntuación total que poida acadarse sumadas ámbalas dúas.

4.- En todo caso, na selección dos alumnos-traballadores, o grupo de traballo deberá seguir o procedemento e cumplir os requisitos e criterios de preferencia de selección establecidos no artigo 10 da citada Orde do 21 de xaneiro de 2015 e nas bases aprobadas, de conformidade co disposto nas instrucións anteriores.

Oitava.- Revisión requisitos SNGX dos candidatos finalmente seleccionados

1.- Os candidatos finalmente seleccionados deberán cumplir, de xeito obrigatorio e con carácter previa á formalización do contrato, os requisitos esixidos polo Sistema Nacional de Garantía Xuvenil. De non cumplir finalmente estes requisitos algún destes candidatos seleccionados, chamárase ao seguinte por orde de prelación no baremo ou solicitarase un novo candidato.

2.- Esta comprobación realizarase polo técnico de orientación laboral do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia competente, que poderá consultar a base de datos deste sistema, o aplicativo SICAS, así como a aplicación de vida laboral.

3.- Así mesmo, o técnico de orientación laboral do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil deberá:

- Solicitar da persoa nova finalmente seleccionada a declaración responsable de cumprimento dos requisitos no momento de acceder ao programa mixto, que se realizará mediante a declaración responsable que se achega como Anexo II.
- Informalo de que á medida á que se incorpora está enmarcada dentro do Programa Operativo de emprego xuvenil, e poderá estar cofinanciado pola Iniciativa de Emprego Xuvenil e o Fondo Social Europeo nun 91,89%, co fin de cumplir os requisitos de información e publicidade establecidos no Regulamento (CE) nº 1828/2008, da Comisión. Para este efecto o candidato seleccionado aixinará o documento de información que se achega como Anexo III desta instrucción e o técnico de orientación laboral do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

Sección III

Selección do persoal de dirección, docente e administrativo


Oitava.- Proceso de selección do persoal de dirección, docente e administrativo.

1.- A selección do persoal de dirección, docente e administrativo participantes nestes proxectos realizarase de igual xeito que nos obradoiros de emprego incluídos dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia. Aplicándose, polo tanto, a mesma normativa que regula a selección do persoal



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Emprego e Formación

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
Iniciativa da Emprego Xuvenil
O FSE inviste no teu futuro



S.E.S.
SERVIZO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA

directivo, docente e de apoio destes proxectos así como o disposto no artigo 11 da citado orde de 21 de xaneiro de 2015.

Novena.- Notificación.

Esta circular será notificada ás entidades promotoras dos proxectos formativos a poñer en funcionamento.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2015.

A directora xeral de Emprego e Formación



[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]



ANEXO I

BREMO SELECCIÓN ALUMNADO DOS OBRADÓRIOS DE EMPREGO DIRIXIDOS A MELLORAR A EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS MOZAS INCLUIDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL

CRITERIOS	PUNTOS	
Ter planificado no seu Itinerario Profesional de inserción a súa participación nestes programas	6	
Persoas beneficiarias que non recibirán previamente atención polo sistema	4	
Discapacidade ≥ 33%	1	
Idade	De 18 ata 20 anos	0,5
	De 20 ata 22 anos	1
	De 22 ata 24 anos	2
	De 24 ata < 30 anos	3
Experiencia laboral	Ningunha	3
	Ata 12 meses	2
	≥ 12 meses	1
Nivel de cualificación profesional	Baixa (que non posuan un carnet profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou 3, título de F.P. ou titulación universitaria)	3
	Media (que posuan un carnet profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou FP ciclo medio)	1,5
	Alta (que posuan certificado de profesionalidade de nivel 3, título de FP de ciclo superior ou titulación universitaria)	0,5



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Emprego e Formación

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
Iniciativa da Emprego Xuvenil
O FSE invista no teu futuro



ESTADO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA

ANEXO II

DECLARACIÓN XURADA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PARA PODER PARTICIPAR COMO ALUMNO/A NO PROGRAMA DE OBRADOIROS DE EMPREGO DIRIXIDOS ÁS PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL

D./Dna....., con NIF:.....
estando interesado/a en participar no programa de obradoiros de emprego dirixido ás persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil,

DECLARO RESPONSABLEMENTE

Que con carácter previo ao inicio do programa manteño o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 105.1, da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia (BOE nº 252, do 17 de outubro), que a continuación se relacionan

- Non ter traballado nos trinta días naturais anteriores ao momento de recibir a actuación.
- Non ter recibido accións educativas que conlleven máis de corenta horas mensuais nos noventa días naturais anteriores ao momento de recibir a actuación.
- Non ter recibido accións formativas que conlleven máis de corenta horas mensuais nos noventa días naturais anteriores ao momento de recibir a actuación.

E para que conste asino esta declaración.

En....., de de

O/A alumno/a

Sinatura.